

BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN NAVIDEÑA CONCELLO DE CENLLE

1.- OBXECTO:

Queremos manter o espírito de Nadal e por iso o Concello de Cenlle, presenta o **II Concurso de Decoración Navideña**.

O obxectivo é intentar que os lugares do Concello se impregnen do espírito de Nadal coa colaboración de todos. Para iso, as persoas interesadas deberán decorar os balcóns, fiestras, e fachadas da casa ou negocios. So se valorarán os exteriores da vivenda.

2.- PARTICIPANTES:

Poden participar todos os veciños e veciñas do municipio.

3.- INSCRICIÓNS:

As persoas interesadas en participar no concurso, deberán formalizar as inscricións desde a data de publicación das presentes bases ata o 21 de decembro de 2023 e poderán facerse do seguinte xeito:

- No enderezo electrónico: concello.cenlle@gmail.com. As inscricións deberán ir debidamente cumprimentadas, encontrándose as bases do concurso e os formularios na páxina web do Concello, no Facebook do Concello de Cenlle.
- Na biblioteca pública de Cenlle, de 9:30 a 12:30 h ou de 15:30 a 18:30 h.

4.- XURADO:

O xurado estará formada por unha Comisión de Valoración integrada por 3 membros.

5.- VALORACIÓN:

O xurado visitará as vivendas e negocios participantes os **días 28 e 29 de decembro de 2023**, previa comunicación do día e hora aproximada aos participantes, polo que a decoración debe de estar colocada nesas datas.

Seguiranse en todo momento as recomendacións sanitarias polo que, de non ser posible que o xurado valore de xeito presencial as decoracións, solicitaráselle aos inscritos que acheguen



fotografías dos mesmos ao enderezo concello.cenlle@gmail.com ou ben por whatsApp ao 680 74 26 81, indicando as fotos e co nome e teléfono da persoa de contacto.

Para a **valoración** dos elementos decorativos de Nadal, o xurado terá en conta os seguintes criterios:

- Deseño
- Orixinalidade
- Utilización de recursos reciclados ou da natureza
- Iluminación.

Cada membro do xurado puntuará a decoración de 1 a 5 puntos. A suma de todos os puntos recibidos polos membros do xurado, dará lugar aos gañadores do concurso.

O fallo do xurado será o **2 de xaneiro de 2024**, sendo este inapelable. Os participantes comprométese a aceptar a decisión do xurado.

Os gañadores comunicaranse a través da web do Concello e por vía telefónica.

6.- PREMIOS

1º premio.- Cesta de produtos dos comercios do Concello, valorada en 100 euros.

2º premio.- Cesta de produtos dos comercios do Concello, valorada en 70 euros.

7.- ENTREGA DE PREMIOS

A data de entrega de premio do concurso comunicarse vía telefónica aos interesados e publicarse na web do Concello.

Mais información nas oficinas do Concello de Cenlle, na Biblioteca municipal ou nos teléfonos 988 400 603 e 988 404 200.

Cenlle, 30 de novembro de 2023.

A alcaldesa

Documento asinado telematicamente

